



Xinzo de Limia

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Xinzo de Limia, na sesión ordinaria do día 18/05/2022, o expediente de remunicipalización do servizo da piscina exterior municipal e o expediente do Regulamento de réxime interno da piscina exterior municipal, e ao considerarse definitivamente aprobados por non se ter presentado ningunha alegación logo da súa publicación no BOP de Ourense número 121, do 28 de maio de 2022, publícase para o seu xeral coñecemento, o texto íntegro do Regulamento de réxime interno da piscina exterior municipal que seguidamente se transcribe:

“(…) Regulamento de réxime interno da piscina municipal exterior de Xinzo de Limia (Ourense)

Título preliminar

As piscinas municipais exteriores de Xinzo de Limia, cuxas instalacións se atopan situadas na rúa Dous de Maio, da localidade de Xinzo de Limia (Ourense), están ao servizo de todos os cidadáns para o goce do seu tempo libre, onde se poderán practicarse de modo individual ou en grupos as diferentes modalidades deportivas para as que están adaptadas, con fins recreativos, de aprendizaxe, de saúde ou de competición.

Os obxectivos principais que se pretenden co seu uso son os seguintes:

- Posibilitar a participación de usuarios de calquera idade e condición física en actividades deportivas de lecer e tempo libre.

- Atender as demandas da cidadanía de actividades e programas que fagan posible a iniciación e a práctica deportiva.

- Facilitar a plena utilización das instalacións e equipamentos deportivos, así como o uso dos espazos recreativos existentes.

- Crear os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento dunha estrutura deportiva básica.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

É obxecto deste regulamento regular os dereitos, as obrigas e as condicións nas que os usuarios poderán utilizar as instalacións afectadas, creadas co fin de fomentar o deporte e a educación física e procurar o desenvolvemento integral da persoa, todo isto conforme coa normativa estatal e autonómica legalmente aplicable, así como coas directivas europeas que resulten de obrigado cumprimento.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Este regulamento será de aplicación a todo o persoal que preste os seus servizos nas instalacións das piscinas municipais exteriores de Xinzo de Limia (vaso grande, vaso chapuzadas e pistas polideportivas), aos usuarios das instalacións e aos visitantes e acompañantes destes.

Artigo 3. Sistema de xestión

As instalacións denominadas piscinas municipais exteriores son un ben de propiedade municipal, do mesmo xeito que todas as súas obras e bens, e o servizo que se presta considerarase un “servizo público”.

Tendo en conta a condición de servizo público, a explotación asumírase de forma directa polo Concello de Xinzo de Limia.

Capítulo II. Acceso e uso das instalacións

Artigo 4. Dereitos

Teñen dereito a acceder e a usar as instalacións deportivas, para os fins que lles son propios, todas as persoas, asociacións deportivas, clubs legalmente constituídos e centros educativos, co fin de practicar algún dos deportes contemplados no recinto, así como fomentar a educación física, sempre que se aboan as taxas establecidas na ordenanza fiscal número 11 e que se cumpra a normativa contida neste regulamento.

Con independencia do anteriormente expresado, deberase ter en conta que en ningún caso se permitirá a entrada dun número de usuarios superior á capacidade máxima permitida nas instalacións.

Artigo 5. Dereito de admisión

No caso de que se impida o acceso ao recinto das instalacións a algunha persoa, ese impedimento será razoado e motivado, cabendo os recursos que, de ser o caso procedan, segundo a lexislación vixente.

Artigo 6. Acceso

O acceso ás instalacións efectuarase polo lugar sinalado para o efecto desde a vía pública ou desde as demais instalacións deportivas. Con anterioridade ao acceso a calquera das instalacións, deberá adquirirse a entrada que acredite o pagamento do prezo establecido, ou ben exhibir o carné ou bono acreditativos.

Queda prohibida a entrada de todo tipo de animais no recinto das instalacións deportivas.

Artigo 7. Responsabilidades

Os usuarios serán responsables dos danos causados ás instalacións, bens e demais elementos de que dispoñen as instalacións, incluídas as plantas, árbores, céspede, etc., estando obrigados a reparar os danos causados de forma inmediata, comunicándollos á persoa encargada do seu coidado. Dos danos causados polos menores de idade serán responsables os pais ou tutores legais. De igual forma, establecerase a responsabilidade respecto das persoas que se atopen inhabilitadas.

Artigo 8. Obrigacións

Os usuarios estarán obrigados a observar as elementais normas de urbanidade e decoro para que o recinto se atope nas debidas condicións para o seu uso, facendo especial mención á utilización de papeleiras, servizos, aseos e similares.

Queda prohibido abandonar desperdicios dentro do recinto das instalacións, debendo utilizarse as papeleiras ou outros recipientes destinados para o efecto.

Os usuarios que se aperciban de que algunha persoa incumpra as normas contidas neste regulamento, sen que sexa apreciado polo encargado, comunicaránllo a este inmediatamente.

Artigo 9. Suxestións

Os usuarios poderán, ademais de formular as suxestións que estimen oportunas para o mellor funcionamento das instalacións, presentar as reclamacións que consideren sobre a prestación do servizo ante o propio concello.

As devanditas suxestións presentaranse por escrito nas propias instalacións ou no Rexistro Xeral do Concello.

Artigo 10. Prohibicións

Queda prohibido o acceso dos usuarios ás instalacións de mantemento, almacéns interiores, oficinas de control e demais zonas e locais que integran as instalacións nos que non se permita a práctica de deportes e reservados ao persoal de mantemento ou de servizos.

Capítulo III. Clases de usuarios

Artigo 11. Tipos de usuarios

Os tipos de usuarios son os sinalados no artigo 7 da Ordenanza fiscal núm. 11 reguladora da taxa polo uso de recintos e infraestruturas de carácter deportivo.

Os menores de 12 anos non poden acceder ás instalacións se non acoden acompañados dun adulto, responsable ou monitor.

Artigo 12. Acceso gratuíto

Terán acceso á utilización das instalacións de forma gratuíta os menores de 4 anos, que deberán estar, en calquera caso, acompañados dos pais ou persoas responsables maiores de idade. Tamén estarán exentos de aboar a taxa os maiores de 65 anos.



Poderán acceder ás instalacións gratuitamente, de ser o caso, as seguintes persoas:

- Os concesionarios do servizo de quiosco de alimentos e bebidas.
- Autoridades, funcionarios, técnicos sanitarios, farmacéuticos e similares que acudan no exercicio das súas funcións de vixilancias, control e asistencia.
- Os subministradores de material consumible hixiénico-sanitario ou de calquera outro tipo, exclusivamente para realizar os devanditos labores, ou as empresas contratadas para realizar algún tipo de servizo.

Quen autorice o acceso gratuito ás persoas que deban aboar os importes correspondentes, serán sancionados, sen prexuízo das responsabilidades de carácter penal que puidesen esixirse.

Abonados:

Artigo 13. Definición

Consideraranse usuarios abonados todas aquelas persoas que se inscriban como tales, logo do pago do prezo establecido no período correspondente e tras o cumprimento das obrigas recollidas neste regulamento.

Artigo 14. Dereitos dos abonados

Os abonados terán os seguintes dereitos:

- A que se lles entregue o carné acreditativo.
- Ao acceso ás instalacións, sempre que non se realice una actividade promovida polo concello.
- A utilizar os vestiarios, servizos e duchas das instalacións, con motivo da práctica dalgún deporte no recinto deportivo.

Artigo 15. Requisitos específicos

O carné de abonado é persoal e intransferible, e unicamente poderá usalo o titular, ao que facultará para acceder ao recinto, logo da súa exhibición xunto co DNI, pasaporte ou documento similar.

Artigo 16. Obrigas

Os usuarios que desexen adquirir a condición de abonado terán as seguintes obrigas:

- Facilitar unha fotografía.
- Facilitar o DNI ou documento equivalente.
- Efectuar o pago do prezo correspondente.
- Exhibir o carné de abonado cando desexe acceder ao recinto ou en calquera momento, a requirimento do persoal de control e vixilancia das instalacións.

A perda do carné facultará para solicitar a confección dun duplicado, logo da entrega da fotografía.

Non abonados:

Artigo 17. Definición

Os usuarios non abonados terán dereito á utilización das instalacións, logo do pago do prezo establecido en cada caso para acceder á práctica do deporte ou actividade desexados.

Como xustificante do aboamento do prezo, seralle entregada na entrada, que o faculta para acceder ao deporte solicitado e cuxa exhibición poderá ser requirida por calquera empregado das instalacións en calquera momento.

Clubs, asociacións e entidades socio-sanitarias.

Artigo 18. Definición

As persoas físicas poderán integrarse en clubs e asociacións deportivas que, legalmente constituídos, serán considerados como representantes válidos dos deportistas e poderán así facer uso das instalacións deportivas municipais, nas condicións que neste capítulo se establecen.

Artigo 19. Dereitos

Os clubs e asociacións deportivos e as entidades socio-sanitarias poderán facer uso das instalacións para a realización de adestramentos, competicións, encontros, exhibicións, tratamentos sanitarios, etc., en horarios que non interrompan o

desenvolvemento normal das actividades deportivas polos usuarios.

O concello ou, de ser o caso, o concesionario, asignaranlles ás devanditas entidades os días e horas oportunos para o exercicio das actividades normais de adestramento e competicións, dentro do horario de funcionamento e sen causarlles prexuízos aos demais usuarios.

Artigo 20. Acordos

Aqueles clubs, asociacións ou entidades socio-sanitarias existentes no municipio de Xinzo de Limia ou que subscriban convenio para o efecto, que sexan beneficiarios como tales clubs ou asociacións de acordos específicos co Concello do Xinzo de Limia, deberán aboar as cantidades que, de ser o caso, se establezan nos devanditos acordos.

Artigo 21. Solicitudes

Coa antelación suficiente ao comezo da tempada de verán, abrirase un prazo para que os clubs e asociacións deportivas soliciten a utilización das instalacións nas que estean interesados. O concello designará os horarios de reserva, procurando harmonizar os intereses de todos, sendo sempre preferentes os que teñan a sede en Xinzo de Limia, aínda que sen prexuízo dos horarios establecidos para a súa utilización polos usuarios abonados e non abonados.

A autorización para o uso das instalacións, nestes casos, terá unha duración máxima dunha tempada.

Artigo 22. Competicións

No caso de competicións oficiais, poderán acceder ás instalacións os compoñentes dos clubs: deportistas, técnicos, directivos e persoal auxiliar, logo da acreditación da súa personalidade, que reflectirá o encargado nas follas de control adecuadas para o efecto.

As persoas que formen parte dos equipos están obrigadas a cumprir coa restante normativa das instalacións deportivas, coíndo coa debida dilixencia as súas instalacións e material.

Capítulo IV. Actividades

Artigo 23. Definición e clasificación

As distintas actividades, así como os adecuados niveis de calidade ofrecidos nas instalacións e que nelas se realicen, establécense como os lexítimos dereitos dos que gozarán os usuarios.

As actividades que se desenvolverán cada tempada estarán recollidas nas programacións anuais e poderán encadrarse, a título meramente descritivo, na seguinte clasificación:

Actividades especiais.

Actividades de natación.

Actividades de baño libre.

Actividades deportivas (pádel, tenis, baloncesto...)

Calquera outra que se consideren adecuadas.

A realización das diferentes actividades dependerá, en todo caso, de aspectos tales como as características das instalacións, a demanda dos usuarios, os recursos económicos e humanos dispoñibles, etc.

Artigo 24. Actividades especiais

Entenderase por actividades especiais aquelas organizadas por entidades, clubs e asociacións diversas debidamente constituídas.

As devanditas actividades deberán ser solicitadas polo propio colectivo organizador con, polo menos, quince días antes do seu comezo. Unha vez autorizada a actividade polo concello ou concesionario, o grupo participante accederá ás instalacións, tras facilitar previamente:

- Relación de participantes.
- Relación de monitores.
- Relación de responsables.



Non obstante, o concello poderá entregar carnés individuais para un mellor control da actividade. Neste caso, os participantes quedarán obrigados a presentar a acreditación antes de acceder á instalación.

Os monitores serán responsables de que os seus alumnos cumpran coas obrigas e normativas xerais. Os participantes nas devanditas actividades non poderán facer uso da instalación sen a presenza daqueles ou dos responsables autorizados.

As devanditas actividades axustaranse aos horarios e fins establecidos polo concello ou empresa concesionaria. En caso contrario, será preceptiva unha autorización expresa.

Artigo 25. Actividades de baño libre

Son aquelas actividades natatorias realizadas polos usuarios que saben nadar e que acceden á instalación pola súa propia conta e coñecemento, realizadas individualmente para satisfacer necesidades propias e específicas de mantemento, tonificación corporal, psicolóxicas, rehabilitación, etc.

Artigo 26. Programas de natación e saúde

Serán actividades reguladas e organizadas polo Concello de Xinzo de Limia as executadas por persoal experto para:

- O ensino e o perfeccionamento da natación.
- O mantemento para mozos e adultos.
- Actividades dirixidas.

Os usuarios integrados en calquera das actividades deste programa accederán mediante o cumprimento dos requisitos que se establezan para o efecto.

Artigo 27. Outras consideracións sobre as actividades

As actividades especiais e deportivas, xa sexan puntuais ou continuadas, deben solicitarse polas súas entidades promotoras.

As actividades programadas pola Concellaría de Deportes terán prioridade sobre as demais.

Non se contempla, en principio, a realización de actividades fóra do horario específico para o uso establecido e autorizado; por exemplo, actividades deportivas no horario de actividades de baño libre ou viceversa.

Os horarios concretaranse por tempadas. Todas as actividades quedarán rexistradas nun soporte, con información quincenal, para xeral coñecemento dos usuarios.

Capítulo V. Alugamentos/reservas

Artigo 28. Reserva de clubs

As reservas das instalacións deportivas para clubs e asociacións, realizaranse coa antelación necesarias. Os días e horas de reserva estableceranse en función das necesidades dos demais grupos e usuarios individuais, logo do informe do Concello.

Artigo 29. Obrigas.

No documento acreditativo da autorización virá reflectido o prezo aboado, día, hora e instalación que se pretenda reservar, podéndose variar a hora e día se a hora interesada estivese xa reservada. Soamente poderá realizarse un alugueiro como máximo por autorización, en caso de presentarse 15 minutos máis tarde da hora prevista no alugamento, perderase este, sen dereito a reclamación do importe.

Capítulo VI. Persoal das instalacións

Por parte da Administración municipal adscribirase ao servizo das piscinas municipais exteriores o persoal necesario para o funcionamento do devandito servizo, tanto técnico como administrativo e de servizos. A título indicativo, sinalanse a continuación os postos mínimos que se cubrirán.

Artigo 30. Encargado

Será a persoa responsable do mantemento e limpeza das instalacións, da coordinación do traballo dos socorristas e de con-

servar a orde e control das actividades que se realicen nela, conforme co establecido neste regulamento.

Artigo 31. Socorrista

As piscinas contarán con socorristas acuáticos, debidamente titulados. Os socorristas, ademais de realizar a vixilancia acuática para evitar todo tipo de accidentes, manterán o cumprimento das obrigas e normativas por parte dos usuarios, polo cal se deberán atender as súas indicacións.

Artigo 32. Persoal de servizos

Son as persoas responsables do funcionamento integral das instalacións nas tarefas de mantemento, limpeza e control do acceso a estas. Inclúense aquí os monitores (no seu caso), xa que ofrecen un servizo ao cidadán, mediante o desenvolvemento de actividades e cursos encamiñados á realización de actividades físicas, orientadas cara ao mantemento da saúde.

Capítulo VII. Instalacións anexas

Artigo 33. Definición

As instalacións deportivas das piscinas municipais exteriores, ademais, a calquera usuario a utilización doutras anexas, tales como vestiarios, duchas, servizos, pistas polideportivas etc.

Artigo 34. Utilización

Calquera usuario das instalacións deportivas poderá facer uso dos vestiarios asignados a cada sexo, co fin de vestir a roupa deportiva precisa para a practica de deporte requirido.

Os usuarios que o desexen utilizarán os vestiarios e duchas para o fin que lle son propios utilizándoos coa maior dilixencia posible co fin da súa boa conservación.

Os usuarios estarán obrigados a repor ao seu mesmo estado os danos que produzan nas instalacións e equipamentos deportivos cando fosen ocasionados por unha conduta negligente ou dolosa.

Artigo 35. Caixa de urxencias

Nas instalacións deportivas existirá unha caixa de urxencias para a realización de curas de urxencia, co material necesario preciso para atender os accidentes e lesións deportivas. O concello ou, de ser o caso, o concesionario do servizo, está obrigado a manter en todo momento o material necesario para atender as urxencias.

Artigo 36. Obxectos perdidos

Os obxectos que extravíen os usuarios e sexan localizados por algunha persoa, deberán ser entregados ao encargado das instalacións, quen llo comunicará aos usuarios por medio do equipo de megafonía, para que os recobren quen acredite ser o seu titular.

Se unha vez transcorrido o período de tres meses non se reclamou o obxecto, procederase respecto diso conforme co disposto nos artigos 615 e 616, do Código civil.

Capítulo VIII. Organización de cursos

Artigo 37. Organización.

O concello poderá organizar cursos deportivos de todas aquelas actividades que demanden os abonados en cantidade suficiente para garantir a viabilidade do curso, sempre que teñan cabida na infraestrutura das instalacións.

Os cursos terán unha duración predeterminada e organizaranse tantos grupos como sexan precisos para a correcta realización do curso, dentro dos límites que as propias instalacións imponen, sinalando o monitor e os integrantes de cada grupo.

Os cursos realizaranse en horarios compatibles coa maioría de usuarios, sempre que non restrinxan a utilización das instalacións polos usuarios que teñan realizadas as reservas no momento de convocarse o curso.

Artigo 38. Obrigas

Os inscritos nos cursos ou actividades deportivas deben facerse responsables de reunir as condicións físicas e de saúde nece-



sarias para a práctica destes, e terán que cumprir as seguintes obrigas:

- Aboar as cotas establecidas. A falta de pagamento dará lugar á perda dos dereitos do curso.
- Participar no curso seguindo as indicacións do monitor respectivo.

Artigo 39. Dereitos

Os inscritos nos cursos ou actividades deportivas terán dereito a:

- Utilizar as instalacións deportivas onde se desenvolve o curso.
- A que non se cambien os horarios e días previstos para impartir o curso, salvo por causa de necesidade e con dereito a obter a devolución do aboado no caso de que o cambio afecte a máis do 50 % de tempo de duración do curso.
- A que dende as instalacións se lles facilite o material deportivo preciso, excepto a roupa persoal.
- A que se devolva a parte proporcional da cota aboada polo período impartido, cando non se xustifique a continuidade do curso, logo do aviso aos usuarios.
- A que durante o período do curso estea constantemente un monitor deportivo para impartilo.

Artigo 40. Inscripción

Poderá inscribirse nos cursos organizados calquera usuario interesado en participar neles, logo do pago da cota establecida para o efecto. As inscricións realizaranse no prazo que se sinala polos responsables das instalacións.

Capítulo IX. Os usuarios

Artigo 41. Usuario individual

Os usuarios individuais poderán acceder ás instalacións, dentro do horario determinado, mediante o pagamento das taxas correspondentes, para a realización de actividades deportivas ou recreativas, logo da acreditación da súa identidade e entrega da documentación requirida para cada caso.

Artigo 42. Usuarios colectivos

Os usuarios colectivos quedarán obrigados, igualmente, a pagar as taxas correspondentes polo uso das instalacións e á entrega da documentación requirida en cada caso.

O incumprimento destas obrigas, tanto nun caso como noutro, suporá a perda do dereito ao uso das instalacións.

Artigo 43. Obrigas

Os usuarios, tanto individuais como colectivos, deberán cumprir coas seguintes obrigas e normas de utilización:

a) Obrigas:

- Utilizar as instalacións, servizos e equipamento con bo trato e uso correcto.
- Comunicarlles aos empregados das instalacións as anomalías de funcionamento, roturas, deficiencias ou incumprimento do disposto neste regulamento.
- Gardar o debido respecto aos demais usuarios, comportándose adecuadamente para a boa convivencia.
- Cumprir as instrucións do persoal encargado das instalacións.
- O respecto aos empregados das instalacións será en todo momento obrigado, atendendo correctamente as súas indicacións.
- Identificarse cando sexa solicitado polos empregados.
- Pagar as taxas correspondentes ao uso das instalacións.
- Cumprir co estipulado nesta normativa para o acceso ás instalacións nas diferentes actividades.

b) Normas de utilización:

- Antes de entrar á instalación pasarase obrigatoriamente pola oficina de recepción.
- Os menores de 12 anos deberán ir acompañados por persoas adultas.

• Non se deben introducir, na zona da praia da piscina, envases, comidas nin bebidas.

- Antes de entrar na auga deberán usarse as duchas.
- Non está permitido fumar dentro do recinto da piscina municipal exterior.
- Débense evitar os xogos perigosos e violentos.
- Axustarse aos horarios e itinerarios establecidos.
- Non se permite a realización de exercicios de apneas, fóra daqueles levados a cabo en cursos especializados e con autorización expresa.
- Non se permite o acceso de animais ao interior das instalacións.
- Os usuarios deberán saír da piscina 15' antes do peche da instalación.
- Se se padece algunha enfermidade infectocontaxiosa hai que pórse en mans do médico e evitar o uso da instalación.
- Os lixos e outros desperdicios botaranse en papeleiras e recipientes destinados para o efecto.

Artigo 44. Dereitos.

Para os efectos de garantía dos dereitos dos usuarios, existirán a disposición deles as seguintes follas:

• Folla de suxestións:

Co fin de que os usuarios poidan manifestar suxestións para mellorar o servizo e ofrecer máis calidade neles, disporán de follas de suxestións. O concello contestará ás devanditas manifestacións coa condición de que o usuario se identifique debidamente (nome e apelidos, teléfono, etc.).

• Follas de reclamacións:

Calquera usuario poderá utilizar estas follas cando observe un funcionamento anormal dos servizos das devanditas instalacións.

Os usuarios poderán requirir en calquera momento a identificación dos empregados ou responsables dos servizos das instalacións, para os efectos de realizar as reclamacións correspondentes.

Artigo 45. Obxectos perdidos.

Os obxectos que sexan recollidos nas diferentes instalacións, serán almacenados durante un período máximo de 30 días.

Unha vez transcorrido este prazo, daráselle o destino previsto na lexislación vixente.

Capítulo X. Acompañantes dos usuarios e visitantes

Artigo 46. Acompañantes.

En casos excepcionais e mediante autorización expresa, os acompañantes si poderán acceder ao recinto das piscinas municipais exteriores para axudar a aqueles usuarios impedidos para entrar na lámina de auga. No devandito caso, os acompañantes utilizarán roupa e zapatillas deportivas, estas últimas con sola limpa.

En todo caso, evitarase ensuciar as instalacións con calzado e condutas non apropiadas.

Os acompañantes disporán, na medida dos recursos dispoñibles, de zonas de estancias debidamente protexidas das inclemencias do tempo, ata a saída dos usuarios acompañados.

Artigo 47. Visitantes.

En canto aos visitantes, serán aquelas persoas debidamente autorizadas co fin de coñecer e/ou rexistrar o funcionamento ou outros aspectos das instalacións.

Capítulo XI. A Seguridade

Artigo 48. Seguridade.

As instalacións das piscinas municipais exteriores polas súas especiais características, poderán dotarse de elementos electrónicos de seguridade e vixilancia (alarmas, cámaras, gravadoras de imaxes, etc.), para aumentar a seguridade dos usuarios.



Os recursos de seguridade, así como o seu uso, acolleranse á lexislación vixente na devandita materia.

Capítulo XII. Réxime sancionador

Artigo 49. Definición

Son actos sancionables os contrarios á legalidade vixente e os que alteren a correcta convivencia social dentro das instalacións, así como os que incumpran o establecido neste regulamento.

As sancións serán impostas polo concello, logo do informe, de ser o caso, do concesionario da xestión do servizo. Os responsables, socorristas e demais empregados das instalacións teñen a facultade de apercibir e mesmo de expulsar destas, a aquelas persoas que incumpran este regulamento e normas de aplicación.

Artigo 50. Infraccións.

Poderán ser sancionados quen cometa as infraccións tipificadas nos apartados seguintes deste artigo.

a) Moi graves.

1. Realizar malos tratos de palabra e obra ao persoal das instalacións e responsables destas.

2. Promover altercados con calquera persoa nas instalacións de forma reincidente.

3. Facilitar a entrada clandestina a un terceiro ás instalacións.

4. A subtracción ou vandalismo de obxectos ou equipamentos pertencentes tanto ás instalacións como aos seus usuarios.

5. O tráfico ou consumo de drogas nas instalacións.

6. A realización de actos deshonestos nas instalacións.

7. A reincidencia na realización de actividades fóra do horario específico establecido.

8. Ser sancionado pola comisión de dúas infraccións graves ou tres infraccións leves.

b) Graves.

1. A negativa a exhibir o cartón de identificación específica ao persoal de control cando sexa requirida.

2. Causar danos na conservación dos locais e material das instalacións, así como a falta de comunicación destes ao encargado das dependencias.

3. A entrada na instalación sen a obrigada presentación e picado do cartón.

4. A realización de actividades fóra do horario específico establecido.

5. Ser sancionado dúas veces por unha infracción leve.

c) Leves.

1. Calquera outra conduta contraria á correcta convivencia social dentro das instalacións, así como as que supoñan incumprimento deste regulamento.

Artigo 51. Prescrición das infraccións

As infraccións prescribirán do modo seguinte:

- As moi graves aos tres anos.
- As graves ao ano.
- As leves aos seis meses.

O prazo de prescrición comezará a rexer desde que se cometeu a infracción.

Artigo 52. Sancións

Por razón da infracción poderanse impor as seguintes sancións:

- Para as moi graves, determinarase a prohibición de acceso ás instalacións por un período de seis meses a un ano e a posibilidade de chegar á expulsión definitiva do usuario.

- Para as graves, determinarase a prohibición de acceso ata seis meses.

- Para as leves, determinarase apercibimento e/ou amoestación por escrito.

Nas infraccións graves e moi graves, cando se produzan roturas, perdas de material, etc., así como calquera outro dano ocasionado por mala utilización, poderase sancionar, ademais, cunha contía económica, que se establecerá en cada caso, e que se corresponderá, como mínimo, co importe do dano causado.

As sancións que se establecen no parágrafo anterior adecuaranse e graduaranse en proporción coas condutas que as motiven, debendo individualizarse en razón das circunstancias que concorran nos autores e ás perturbacións, danos e prexuízos que afecten ao servizo e aos usuarios.

Artigo 53. Procedemento sancionador

A imposición de sancións efectuarase mediante expediente administrativo no que, en todo caso, se lle dará audiencia ao interesado antes de ditar o acordo correspondente.

O expediente iniciárase como consecuencia da denuncia presentada por calquera usuario ou polo persoal encargado das instalacións ante a dirección destas, que emitirá informe ao respecto, logo da comprobación dos feitos. O persoal encargado, como medida correctora, e en primeira instancia, poderá apercibir e mesmo expulsar das instalacións ás persoas que perturban a orde ou realicen accións que incumpran a normativa establecida neste regulamento.

As sancións por infraccións serán impostas polo órgano competente da Administración municipal.

Artigo 54. Recursos

Contra a sanción imposta e sen prexuízo das accións civís ou penais que puidesen corresponder, poderán interporse as reclamacións ou recursos oportunos, conforme co establecido na Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do que se lle dará, en calquera caso, coñecemento ao interesado.

Disposición final

Este regulamento, que consta de 54 artigos e unha disposición final, entrará en vigor unha vez que sexa aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, a partir do día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. (...)”

Contra a presente poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da referida xurisdición, todo isto sen prexuízo de que se exercite, no seu caso, calquera outro recurso que os interesados consideren procedente.

A alcaldesa. Asdo.: Elvira Lama Fernández.

Documento asinado dixitalmente.

Aprobado inicialmente por el Pleno del Ayuntamiento de Xinzo de Limia, en sesión ordinaria de fecha 18/05/2022, el expediente de remunicipalización del servicio de la piscina exterior municipal y el expediente del reglamento de régimen interno de la piscina exterior municipal, y considerándose definitivamente aprobados al no haberse presentado alegaciones una vez publicado en el BOP Ourense número 121, de 28 de mayo de 2022, lo que se hace público para su general conocimiento, siendo el texto íntegro del Reglamento de régimen interno de la piscina exterior municipal el que seguidamente se transcribe:

“(...) Reglamento de régimen interno de la piscina municipal exterior de Xinzo de Limia (Ourense)

Título preliminar

Las piscinas municipales exteriores de Xinzo de Limia, cuyas instalaciones se encuentran situadas en la calle Dos de Mayo, de la localidad de Xinzo de Limia (Ourense), están al servicio de todos los ciudadanos para el goce de su tiempo libre, donde

